



Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da Mesa de Contratación de SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI.

Con data 10 de setembro de 2013 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre C, "Documentación ponderable a través de xuízos de valor".

A Mesa de Contratación, á vista dos proxectos de servizo presentados polas empresas que concorren á licitación, acorda remitir os referidos documentos ó arquitecto municipal e membro da Mesa, para que se emita informe valorativo.

Emitido o informe solicitado e aos efectos da súa posta en coñecemento á Mesa, así como para continuar co procedemento legalmente establecido, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro, **luns, día 7 de outubro, ás 13:00 horas** aos efectos de posta en coñecemento de informe valorativo emitido polo arquitecto municipal e puntuacións dos licitadores no sobre C "Documentación ponderable a través de xuízos de valor".

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Tui a 4 de outubro de 2013

O Alcalde-Presidente

Dou fe,
A Secretaria.

Asdo. Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Irene Suárez López.



NOTIFICACIÓN

Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, ditou a resolución do seguinte teor literal:

"Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da Mesa de Contratación de SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI.

Con data 10 de setembro de 2013 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre C, "Documentación ponderable a través de xuízos de valor".

A Mesa de Contratación, á vista dos proxectos de servizo presentados polas empresas que concorren á licitación, acorda remitir os referidos documentos ó arquitecto municipal e membro da Mesa, para que se emita informe valorativo.

Emitido o informe solicitado e aos efectos da súa posta en coñecemento polos membros da Mesa, así como para continuar co procedemento legalmente establecido, esta Alcaldía-Presidentencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro, **luns, día 7 de outubro, ás 13:00 horas** aos efectos de posta en coñecemento de informe valorativo emitido polo arquitecto municipal e puntuacións dos licitadores no sobre C "Documentación ponderable a través de xuízos de valor".

SEGUNDO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

O que se comunica aos efectos oportunos.

Tui, 4 de outubro 2013

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo. Irene Suárez López.

ALCALDE-PRESIDENTE



D. JAVIER ANTOÑON CLEMENTE
ARQUITECTO MUNICIPAL

D. AITOR IGLESIAS MONZON
INTERVENTOR DO CONCELLO

D. AITOR IGLESIAS MONZON
INTERVENTOR DO CONCELLO

DON JOSE ANGEL FERNANDEZ RODRIGUEZ, SECRETARIO ACCTAL. DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,

CERTIFICA: Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, ditou a resolución do seguinte teor literal:

"Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 20 de Maio de 2013, acordou, entre outros, aprobar o inicio do expediente de contratación de "Servizo de Limpeza de Dependencias Municipais do Concello de Tui", así como os pregos de cláusulas



administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán a mesma, tratándose dun contrato suxeito a regulación armonizada debido á súa contía.

Publicase anuncio de licitación no Suplemento do Diario Oficial da Unión Europea (DO/S) de 17/07/2013, S137-238256, no Boletín Oficial do Estado nº 177 de 25/07/2013, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 142, de 26 de xullo 2013, así como anuncio no perfil do contratante do Concello de Tui (www.concellotui.org), rematando o prazo de presentación de propostas o 24 de agosto de 2013.

Rematado o prazo de presentación de propostas, preséntanse á licitación as seguintes empresas:

- 1- R.E. 7247- 23/08/2013. Limpiezas, Ajardinamientos y Servicios Seralla, S.A, de Valladolid.
2. R.E. 7248 - 23/08/2013. Unión Internacional de Limpieza, S.A., de Valladolid.
3. R.E. 7249 - 23/08/2013. ISS Facility Services, S.A., de Vigo.
- 4.-R.E. 7272 - 24/08/2013. Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L)
- 5.-R.E. 7273 - 24/08/2013. Orballo S.Coop.Ltda., de Tui.

Con data 5 de setembro de 2013 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre A, documentación administrativa.

Comprobados os documentos aportados polas empresas e requisitos esixidos na licitación a Mesa de Contratación acorda admitir a tódalas empresas presentadas.

Aos efectos de continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación, en acto público, para o vindeiro, **martes, días 10 de setembro, ás 13:00 horas** para apertura do sobre "C" DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVES DE XUIZOS DE VALOR. en cumprimento da cláusula decimo terceira dos pregos de cláusulas administrativas que rexerán a contratación, e unha vez realizada a valoración técnica. Tra-la lectura de ditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas de acordo aos criterios e ás ponderacións establecidas no prego.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

E para que así conste, emito a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde en Tui, a 6 de setembro de 2013.-

Vºpr.

O ALCALDE-PRESIDENTE



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

PERFIL DO CONTRATANTE